

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
do 5 de xaneiro de 2017**

ACTA Nº 1/2017

Na Casa do Concello de Muros, ás catorce horas e corenta minutos do día cinco de xaneiro do ano dous mil dezasete, reúnese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria da sesión extraordinaria.

PERSOAS ASISTENTES

Alcaldesa: D^a María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández

D. José Antonio Uhía Martínez

D^a María Inés Monteagudo Romero

D. José Vázquez Rama

D. José Ángel Hermida Simil

D^a Sandra Maneiro Pais

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro

D. Manuel María García Fernández

D^a Paula Simal Mayo

Secretario accidental: D. Ramón Manuel Formoso Fernández, que dá fe do acto.

Interventora: D^a Patricia Coence Antelo.

Non asisten: D^a Alianza Uhía patino do PP, D^a Caridad González Cerviño e D. Enrique Riomayor Caamaño do PSdeG-PSOE.

Os voceiros dos grupos PP e PSdeG-PSOE, disculpan a ausencia dos seus concelleiros.

ORDE DO DÍA

1 APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2015

A Sra. alcaldesa le a proposta:

“Na Comisión Especial de Contas celebrada o 23 de novembro de 2016 foi ditaminada favorablemente a Conta Xeral, exercicio 2015.

O anuncio de exposición pública foi exposto no taboleiro de anuncios do Concello de Muros durante quince días contados desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 24 de novembro de 2016 (BOP núm. 223).

Durante o prazo de exposición pública e oito días máis, non se presentou ningunha alegación.

PROPOÑO ao Pleno da Corporación a aprobación da Conta Xeral do ano 2015.”

Explica que non foi presentada ningunha alegación e dá paso a rolda de intervencións

A Sra. Monteagudo intervéñ para dicir que non entende ben o pleno de hoxe xa que a conta xeral debería estar aprobada antes de outubro e non entende que se faga o pleno neste día e a esta hora. Que algún dos seus concelleiros non puido asistir e os demais asisten por respecto ao Pleno.

Os demais grupos non interveñen.

A Sra. alcaldesa explica que o prazo de exposición rematou o 29 de decembro e deixaron algúns días por se chegaba algunha alegación por correo. Que se convocou cos dous días de prazo obrigatorios polo que non puido ser antes e que hoxe mesmo se vai mandar ao Ministerio se dá tempo e se non o luns.

Votación: 5 votos a favor (3 de CxG e 2 do BNG) e 5 abstencións (3 do PP e 2 do PSdeG-PSOE)

Acordo:

O pleno da Corporación do Concello de Muros ACORDA a aprobación definitiva da Conta Xeral 2015.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas e cincuenta minutos. Dou fe.

O secretario accidental